



ESTATUTOS DE AMARAI

ASOCIACIÓN DE
PERSOAS CON DISCAPACIDADE
E APOIO A INTEGRACIÓN DAS
COMARCAS DE ARZÚA E TERRA DE MELIDE



"VI ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA. ANO 2016"



INDICE

CAPÍTULO I – DA ASOCIACIÓN

Artigo 1. Denominación	4
Artigo 2. Personalidade	4
Artigo 3. Domicilio	4
Artigo 4. Duración e ámbito	4
Artigo 5. Misión	5
Artigo 6. Principios e valores	5
Artigo 7. Fins	6
Artigo 8. Medios	7

CAPÍTULO II – DOS SOCIOS

Artigo 9. Socios	8
Artigo 10. Tipos de socios	8
Artigo 11. Socios de Honra e colaboradores	9
Artigo 12. Ingresos e baixas	9
Artigo 13. Procedemento de admisión	9
Artigo 14. Documentos de admisión	9
Artigo 15. Números de socios	10
Artigo 16. Deberes	10
Artigo 17. Dereitos	11
Artigo 18. Réxime disciplinario	11
Artigo 19. Perda da condición de socio	11

CAPÍTULO III – DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 20. Órganos de Goberno	12
Artigo 21. Asemblea Xeral	12
Artigo 22. Delegación	13
Artigo 23. Participación na Asemblea	13
Artigo 24. Funcións da Asemblea Xeral	13
Artigo 25. Clases de asemblea e a súa convocatoria	14
Artigo 26. Acordos da asemblea xeral	14
Artigo 27. Xunta Directiva	15
Artigo 28. Duración da Xunta Directiva	16
Artigo 29. Elección da Xunta Directiva	16
Artigo 30. Funcións da Xunta Directiva	17
Artigo 31. Funcionamento da Xunta Directiva	18
Artigo 32. Comisión Permanente	18
Artigo 33. Comisión de Ética	19



Artigo 34. Dos órganos de goberno	19
Artigo 35. Presidente	19
Artigo 36. Vicepresidente	20
Artigo 37. Secretario	20
Artigo 38. Tesoureiro	21
Artigo 39. Vocais	22

CAPÍTULO IV – DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 40. Impugnacións	22
Artigo 41. Recursos	23

CAPÍTULO V – DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 42. Recursos económicos	23
Artigo 43. Cotas	23
Artigo 44. Pago de cotas	24
Artigo 45. Orzamento	24

CAPÍTULO VI – DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 46. Procedemento de modificación	24
---	----

CAPÍTULO VII – DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 47. Disolución	25
Artigo 48. Comisión liquidadora	25
Artigo 49. Asemblea Xeral no período de liquidación	25
Artigo 50. Destino dos bens resultantes	25

J. R. V. Abal

[Handwritten signature]



CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN

Artigo 1 Denominación

Ó amparo do artigo 22 da Constitución, polo establecido na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociacións, e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, así como polo previsto nos presentes estatutos; rexerase a entidade denominada **Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio a Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide.**, de agora en diante "AMARAI".

"AMARAI" é o resultado da libre vontade das/dos súas/seus socias/os, ostentando a súa representación no ámbito das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide.

Artigo 2 Personalidade

"AMARAI" ten personalidade xurídica propia e independente da das/dos súas/seus socias/os, e conforme ó artigo 35 e seguinte do Código Civil goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas leis.

Artigo 3 Domicilio

O enderezo social de "AMARAI", a efectos legais, queda establecido no **Edificio María Mariño** na rúa Padre Pardo nº 33 – 1º. Arzúa, código postal 15810 (A Coruña) co teléfono/fax: 981 500 823, e-mail: amarai@cogami.es

Pode ser trasladado a outro lugar por acordo da Xunta Directiva, que poderá decidir así mesmo a apertura de delegacións noutras localidades dentro do seu ámbito de actuación, e de cantos lugares considere axeitados para o normal desenvolvemento de "AMARAI". O traslado definitivo do domicilio social requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

Artigo 4 Duración e ámbito

"AMARAI" constitúese por tempo indefinido, agás causa legal ou estatutaria de disolución.



O ámbito territorial propio de "AMARAI" é o das comarcas de Arzúa (Arzúa, Boimorto, Touro e O Pino) e Terra de Melide (Melide, Santiso, Toques e Sobrado dos Monxes), nembargantes, previo acordo coas entidades de ámbito superior das que é membro, poderá actuar por se mesma ou no seo doutras organizacións, no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional, en atención ás necesidades do colectivo de persoas con discapacidade.

Artigo 5

Misión e Visión

"AMARAI" ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

"AMARAI" ten como visión unha entidade consolidada e amplamente recoñecida pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromiso e liderado nas metodoloxías de traballo e na procura da excelencia nas actuacións dirixidas o grupo social de persoas con discapacidade.

Artigo 6

Principios e valores

"AMARAI" defínese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non governamental, de carácter voluntario.

"AMARAI" basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- Democracia interna.
- Solidariedade entre os seus membros.
- Impulso da participación dos seus membros e tódalas súas actuacións.
- Transparencia e publicidade na xestión e actuación das/dos súas/seus socias/os.
- Defensa das necesidades xerais por enriba de intereses particulares.
- A defensa do grupo social como titulares de dereitos evitando as mensaxes sentimentalistas, paternalistas ou asistenciais.

Os valores que "AMARAI" propugna son a consideración das persoas con discapacidade como suxeitos titulares de dereitos e deberes, a calidade na súa actuación, a eficacia e a eficiencia, a mellora continua, o compromiso polo conxunto do grupo de persoas con discapacidade.



Artigo 7

Fins

Os fins principais de "AMARAI" son:

1. Acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto a súa dignidade e diversidade.
2. Defensa do dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
3. A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.
4. Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
5. Crear as condicións para que as/os súas/seus socias/os poidan cumprir axeitadamente a misión.
6. Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
7. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
8. Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade.
9. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
10. Representar ós seus membros no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional
11. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
12. Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
13. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e a xuventude
14. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
15. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
16. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.



17. Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
18. Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativos e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.
19. Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ó cumprimento da misión de "AMARAI" ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

Artigo 8 Medios

Para o cumprimento da misión e dos fins, "AMARAI" poderá:

- a) Organizar os servizos necesarios de investigación, estudio, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.
- b) Promover, facilitar ou utilizar tódolos medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con discapacidade e o seu entorno.
- c) Incorporarse a federacións, confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter provincial, autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para acadar os fins de "AMARAI".
- d) Promover o Voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.
- e) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostemento económico do Movemento Asociativo.
- f) A integración, creación e promoción de centros educativos, ocupacionais, profesionais, residencias, vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, do cal a súa tipoloxía sexa autorizada por Lei; na que primen a inserción socio - laboral das persoas con discapacidade conforme á lexislación vixente.
- g) A promoción de centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade, de deberes e dereitos, cos demais traballadores/as, conforme á lexislación vixente en tódolos casos, priorizando:



- a) Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nos propios traballadores/as discapacitados e/ou na labor social de dita asociación.
- b) Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, sempre e cando os beneficios repercutan integramente nos propios traballadores/as do Centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ó Movemento Asociativo.
- h) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

CAPITULO II DAS/DOS SOCIAS/OS

Artigo 9 Socias/os

"AMARAI" constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte, previa aprobación prevista nos presente Estatutos, tódalas persoas que o soliciten sempre que compartan os principios e fins de "AMARAI" na defensa da plena integración das persoas con discapacidade.

Artigo 10 Tipos de Socias/os

"AMARAI" terá as seguintes clases de socias/os:

- a) As persoas con discapacidade maiores de idade e con capacidade de obrar que non estean suxeitos a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.
- b) As persoas con discapacidade menores de idade, non emancipadas, de máis de catorce anos, previo consentimento, documentalmente acreditado, dos seus pais ou titores.
- c) Os pais, titores ou representantes legais en representación dos menores de idade ou incapaces.
- d) Persoas que coa súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas con discapacidade, tendo que vir avalado por dez socios de "AMARAI" non podendo acadar un número superior a un 20 por cento da totalidade dos socios de dereito.



Artigo 11

Socias/os de Honra e Colaboradoras/es

"AMARAI" poderá ter Presidenta/e de Honra.

Así mesmo, poderán ser nomeados socias/os de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins de "AMARAI" e do colectivo que representa.

As/os socias/os de honra non estarán suxeitos ás obrigas establecidas nos presentes estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto.

As/os colaboradoras/es serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada con "AMARAI" mediante a súa participación ou mediante achegas económicas. As/os colaboradoras/es non son titulares de obrigas nin dereitos.

Artigo 12

Ingresos e baixas

O ingreso en "AMARAI" como socia/o da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por causa legal ou estatutaria. Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada, no correspondente expediente, que non poderá resolverse sen a audiencia da parte interesada.

Artigo 13

Procedemento de admisión

O procedemento de admisión das/dos socias/os será:

- Mediante solicitude escrita ou comunicación do interesado dirixida ó Presidente.
- Presentación da documentación esixida.
- Por aval acreditativo, acordo de xunta directiva de condición de socio/a (apartado d) do artigo 10)

Artigo 14

Documentos de admisión

Documentación a presentar pola persoa (en cada caso concreto):

- Copia DNI.



- b) Copia do documento que acredite ter recoñecido a consideración de persoa con discapacidade de acordo co establecido no artigo 1 da Lei 51/2003 de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- c) Copia do documento que acredite a representación legal do menor de idade ou incapacitado xudicialmente.
- d) Autorización expresa dos pais ou titores.
- e) Por aval acreditativo de 10 socias/os da entidade

A Xunta directiva poderá solicitar a ampliación da documentación que considere necesaria.

Artigo 15

Número de socias/os

Non se establece un número máximo de socias/os de "AMARAI".

Artigo 16

Deberes

- 1) Cumprir canto se dispón nos presentes Estatutos.
- 2) Actuar de maneira acorde cos principios e valores de "AMARAI" e respectar a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
- 3) Acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación de "AMARAI".
- 4) Asistir ás Asembleas Xerais.
- 5) Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva.
- 6) Contribuír ó sostemento de "AMARAI", aportando os medios necesarios de acordo co establecido pola Asemblea Xeral.
- 7) Manter absoluto secreto sobre os datos que coñecera como consecuencia da información adquirida en "AMARAI".
- 8) Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.



Artigo 17

Dereitos

- J. R. V. A. Bollo
- a) A participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos. O dereito a participar nos órganos de goberno só poderá exercerse trala ratificación da admisión pola Asemblea Xeral.
 - b) A ser informada/o acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
 - c) Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados por "AMARAI", nas condicións que establezan os seus órganos de goberno.
 - d) Utilizar os servizos de toda índole que se creen en "AMARAI".
 - e) A acceder a toda a documentación da Asociación nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos persoais.
 - f) A ser apoiadas/os por "AMARAI" nas iniciativas que se crean oportunas.
 - g) A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei ou ós Estatutos
 - h) A ter copia destes Estatutos.
 - i) A recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
 - j) A ser oída/o con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra él; a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas. A posible sanción, en todo caso, deberá ser motivada.
- [Handwritten signature]

Artigo 18

Réxime disciplinario

A proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral de "AMARAI" establecerá un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan impoñerse ás/os socias/os que vulneren os presentes Estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

Artigo 19

Perda da Condición de socia/o

Poderá perderse a condición de Socia/o de "AMARAI" por:



- a) Renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas.
- c) Por causa ou disposición legal.
- d) Por expulsión, a causa de:
 - Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
 - Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno.
 - Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses de "AMARAI".
 - Non por a disposición de "AMARAI" a información ou documentación requirida polos Órganos de Goberno.
 - Utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas con discapacidade, ou non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos.

A expulsión como socia/o de "AMARAI" só poderá producirse previa audiencia da/do interesada/o e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral levando aparellada a perda de tódolos dereitos derivados da condición de socia/o.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 20 Órganos de Goberno

"AMARAI" rexérase polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes órganos:

- Asemblea Xeral
- Xunta Directiva

Artigo 21 Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno de "AMARAI" e estará integrada por:

- As/os socias/os de "AMARAI" con voz e voto.
- Tódalas persoas compoñentes da Xunta Directiva da Asociación. O Presidenta/e e o Secretaria/o da Xunta Directiva serano da Asemblea Xeral.



Artigo 22

Delegación

A/o socia/o de número poderá delegar a súa representación noutra/o socia/o de número, mediante carta dirixida á/ó Presidenta/e da Asociación, na que haberá de expresarse a Asemblea concreta para a que a delegación se outorgue, a cal deberá ser presentada antes da celebración da Asemblea. (Anexo I dos estatutos).

Nunha/nun mesma/o socia/o non poderá recaer máis dun voto delegado.

Artigo 23

Participación na Asemblea

- Tódolas/os socias/os de "AMARAI" terán dereito a voz e un voto, de acordo cos artigos 10 e 11.
- Non poderán ser membros da Asemblea Xeral todas aquelas persoas que directa, ou indirectamente mediante o seu cónxuxe ou relación análoga, parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas con Centros Especiais de Emprego con Ánimo de Lucro ou calquera outra actividade profesional, empresarial ou industrial que puidese dar lugar a un conflito de intereses.
- Poderán asistir ás reunións da Asemblea, previo acordo da Xunta Directiva, con voz e sen voto, e a título de invitadas/os, todas aquelas persoas que se considere poidan aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.

Artigo 24

Funcións da Asemblea Xeral

Serán funcións da Asemblea Xeral:

1. Coñecer e aprobar os Plans de Actuación de "AMARAI" .
2. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos, de cada exercicio, a conta de liquidación de tales orzamentos e a disposición de bens. Así mesmo, examinar e, no seu caso, aprobar o balance de situación de cada exercicio.
3. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboar a/os diversas/os socias/os.
4. Examinar e, no seu caso, aprobar a Memoria que cada ano deberá presentar a Xunta Directiva.



5. Establecer o réxime disciplinario.
6. Adoptar resolución sobre os asuntos que figuren na Orde do Día ou que se susciten co apoio dos dous terzos dos votos presentes.
7. Aprobar a modificación de Estatutos.
8. Ratificar a incorporación ou expulsión de socias/os de "AMARAI" .
9. Ratificar a composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.
10. Dirimir toda diferenza ou discrepancia que xurda entre unha/un ou máis socias/os e calquera órgano de "AMARAI", como igualmente as cuestións que xurdan sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos de "AMARAI".
11. Acordar a disolución de "AMARAI" .

Artigo 25

Clases de Asemblea e a súa convocatoria

A Asemblea Xeral reunirase ordinariamente, durante o primeiro semestre de cada ano. As Asembleas extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo da/do Presidenta/e; cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito un mínimo do 25 por cento dos socios. Neste caso deberá convocarse no prazo máximo dun mes.

Na convocatoria constará, en todo caso, a orde do día acordada pola Xunta Directiva na que, no seu caso, deberán incluírse tódolos asuntos propostos polo 25 por cento das/dos socias/os que solicitaran a Asemblea.

A convocatoria comunicarase ós socios/as de "AMARAI" cunha antelación mínima de quince días, por correo certificado ou mediante calquera medio que deixe constancia da convocatoria.

Artigo 26

Acordos da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran na mesma a metade máis un dos seus socios/as por si ou por representante debidamente autorizado e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de membros asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberán mediar, polo menos, media hora.



Os acordos adoptaranse por maioría de votos. Os acordos relativos a disposición ou alleamento de bens inmobles, modificación de estatutos e disolución de "AMARAI", requirirán a celebración de Asemblea Xeral Extraordinaria e os acordos, para ser válidos, deberán ter, polo menos, o voto favorable dos dous terzos dos votos asistentes.

De toda a Asemblea Xeral levantarase acta no libro correspondente e nela farase constar o número das/dos asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta subscribirase pola/o Secretaria/o e o Presidenta/e.

As certificacións de tales actas, así como os testemuños dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, coa sinatura do Secretaria/o e o visto bo da/do Presidenta/e.

Artigo 27

Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación de "AMARAI".

A Xunta Directiva estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta/e
- Vicepresidenta/e
- Secretaria/o
- Tesoureira/o
- Vogais, nun número nunca inferior a dous.

Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, as persoas membro poderán recibir unha retribución axeitada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lle correspondan como persoas membro dos órganos de goberno. As condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

No caso de prestar servizos para a entidade persoas con relación de parentesco por consanguinidade ou afinidade, ata o terceiro grao, das persoas membro dos órganos de goberno, a súa contratación e as súas condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.



Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de socia/o. Así mesmo deberán cumprir os requisitos esixidos para ser membro da Asemblea Xeral.

Tódolos membros da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, non podendo exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, a/o Presidenta/e poderá exercer un voto de calidade.

Artigo 28

Duración da Xunta Directiva

Os compoñentes da Xunta Directiva serán elixidos por un período de catro anos.

Poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

Os membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos, ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Se se produce a metade máis un de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes producidas no prazo máximo de corenta e cinco días.

Mentres o número de baixas non sexa inferior a metade máis un, os membros cesantes, serán substituídos na primeira Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, mentres tanto as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

Artigo 29

Elección da Xunta Directiva

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto:

- Composición das candidaturas:
 - Estarán constituídas alomenos nun 70 por cento por persoas con discapacidade ou representantes legais.
 - Deberan ir presididas necesariamente, por unha persoa con discapacidade ou representante legal.



- As candidaturas serán presentadas en listas pechadas e elixidas por maioría absoluta. No caso de presentarse máis dunha candidatura, será elixida a máis votada.
- As votacións serán a man alzada, a non ser que maioría dos asistentes da Asemblea solicite o voto secreto.
- Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asemblea.

Artigo 30

Funcións da Xunta Directiva

Corresponde á Xunta Directiva:

- 1) Executar a política de "AMARAI" e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
- 2) Administrar o patrimonio de "AMARAI".
- 3) Decidir sobre a realización de programas que vaian a ser executados ou coordinados dende "AMARAI".
- 4) Acordar, provisionalmente o ingreso de novos socios/as que soliciten a admisión en "AMARAI".
- 5) Acordar a suspensión temporal dos dereitos de socia/o.
- 6) Determinar a orde do día da Asemblea Xeral.
- 7) Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva.
- 8) Nomear presidenta/e e socios/os de honra, así como admitir as/os socios/os colaboradoras/es.
- 9) Facultar, por medio de poderes ás persoas que estime axeitado.
- 10) Preparar cantos documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
- 11) Plantexar ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese de "AMARAI" e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.
- 12) En xeral, todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio de "AMARAI" dos que deberá dar conta á Asemblea.



- 13) Resolver, na arbitrase de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre as/os socias/os de "AMARAI". Esta actuación poderá ser efectuada por si ou por delegación, designando unha comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
- 14) Interpretar os presentes Estatutos.

Artigo 31

Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirase, alomenos, catro veces ó ano, preferentemente unha vez cada trimestre ou cando o decida o seu Presidente/a por se ou a petición do vinte por cento dos seus compoñentes. Quedará constituída cando asista a metade mais un dos seus membros, e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto da/do Presidenta/e será de calidade.

O cargo de directivo osténtase a título persoal, polo que, cando non sexa posible a asistencia, só poderá delegarse a representación noutro membro da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita polo Presidente/a da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue, coa antelación mínima de sete días salvo caso de especial urxencia. A composición da orde do día das sesións corresponderá á/ó Presidenta/e, a proposta da/do Secretaria/o, quen terá en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou a/o Presidenta/e, poderán acudir á reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de asesoras/es.

Artigo 32

Comisión Permanente

Poderá crearse unha comisión permanente que terá a misión de exercer cotidianamente e de maneira máis áxil o goberno de "AMARAI". A composición da mesma será establecida por acordo da Xunta Directiva.

Para ostentar a condición de membro de dereito da Comisión Permanente é necesario formar parte da Xunta Directiva. A perda da condición de membro da Xunta Directiva determinará automaticamente a perda de condición de membro da Comisión Permanente.



Artigo 33 Comisión de Ética

Crearase unha Comisión de Ética composta por persoas pertencentes ou non a "AMARAI", designadas pola Xunta Directiva.

Terá como finalidade a de velar porque as actuacións, tanto de "AMARAI", como as das/dos súas/seus socias/os a título individual sexan éticas, non irregulares e lícitas. Esta comisión non terá carácter executivo.

Artigo 34 Dos órganos unipersoais

Os órganos unipersoais da Asociación serán:

- Presidenta/e
- Vicepresidenta/e
- Secretaria/o
- Tesoureira/o

Artigo 35 Presidenta/e

Son funcións da/do Presidenta/e:

1. Representar oficialmente a "AMARAI".
2. Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e da Comisión Permanente.
3. Nomear a calquera persoa como Asesor/a, que serán ratificados pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á Xunta Directiva, das recomendacións e informes deses asesoras/es. As resolucións de calquera asesor non son vinculantes en ningún caso.
4. Permitir ou non, a presenza de invitadas/os nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
5. Ordenar os pagos con cargo ós fondos de "AMARAI". Leva a sinatura social conxuntamente co Secretaria/o ou o Tesoureira/o.
6. A retirada dos fondos de "AMARAI" depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura da/o Secretaria/o ou da/o Tesoureira/o.



7. Autorizar coa súa sinatura as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
8. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
9. Subscribir contratos en nome de "AMARAI", outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opor excepcións diante dos órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese ós fins de "AMARAI".
10. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios de "AMARAI", xuntamente coa/co Secretaria/o.
11. Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.

Artigo 36

Vicepresidenta/e

A/o Vicepresidenta/e substituirá temporalmente á/ó Presidenta/e na ausencia desta/e, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as súas mesmas atribucións.

Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións da/do Presidenta/e que este lle delegue expresamente.

No caso de substitución definitiva, esta será ós efectos tan só de convocatoria de novas eleccións; establecida para un período de tres meses.

Artigo 37

Secretaria/o

As funcións do Secretaria/o son:

- Custodiar os libros, documentos e selo da entidade, excepto os libros de contabilidade.
- Levar o Libro de Rexistro de Socias/os.
- Redactar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
- Librar certificacións con referencia ós Libros e documentos de "AMARAI" co visto e praxe da/do Presidenta/e.



- Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura da/do Presidenta/e.
- Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais, enviaranse as Actas e a Orde do Día con quince días de antelación como mínimo.
- Responsabilizarse, xunto coa/co Presidenta/e, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios de "AMARAI".
- A organización dos servizos técnicos de "AMARAI".
- Impulso e control do funcionamento de "AMARAI".
- A representación xurídica ante todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial. As facultades máis amplías que en Dereito procedan para o exercicio de calquera tipo de acción, excepción ou pretensión en calquera forma, en toda clase de procedementos administrativos, xudiciais ou extraxudiciais ante todo tipo de persoas, entidades, organismos públicos ou privados e calquera clase de Xulgados, Tribunais ou árbitros; e, expresamente, para a iniciación, seguimento ou terminación dos procedementos antes indicados, así como, especialmente, para desistir, renunciar, allearse, transixir, someter a arbitraje e facer todo tipo de manifestacións que poidan comportar sobresemento do proceso por satisfacción extraprocesal. A tales efectos, poderá nomear e apoderar os avogadas/os e procuradoras/es que teña por conveniente. Da utilización destas facultades dará conta á Xunta Directiva na primeira reunión que teña lugar.
- Responsabilizarse de arquivos, ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, de "AMARAI".

Artigo 38 Tesoureira/o

As funcións do Tesoureira/o son:


1. Custodiar e levar libros de Contabilidade.
2. Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica de "AMARAI".
3. Custodiar os fondos de "AMARAI", respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento de "AMARAI". Para dispoñer dos fondos da entidade, necesitará da sinatura do Presidente/a.



- J.R.V. Abalo
4. Farase cargo das cantidades que se ingresen en "AMARAI", arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
 5. Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesario a sinatura do Presidenta/e.
 6. Elaborará os presupostos anuais e fará previsións de futuro.
 7. Cobrará as cotas dos socios.
 8. Solicitará as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden periodicamente.

Artigo 39 Vogais

As funcións dos vogais son:

- 
1. Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
 2. Ostentar a representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumprir os fins que marcan os Estatutos.

CAPÍTULO IV DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 40 Impugnacións

1. As impugnacións que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva de "AMARAI", poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día e, salvo que o Presidenta/e estime a existencia de erros ou vicios que poidan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ó comezo da reunión.
2. Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados diante da mesma no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo as/os ausentes na reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo sempre e cando salvaran expresamente o seu voto.
3. Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos salvo que ditos órganos acorden a súa suspensión.



Artigo 41

Recursos

1. Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles diante da Asemblea Xeral no prazo de quince días.
2. A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva substanciaranse diante dos tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a Lei determine.

CAPÍTULO V

DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 42

Recursos económicos

Para atender ós seus fins, "AMARAI" contará cos recursos seguintes:

1. As cotas que satisfagan as/os socias/os, se se establecen.
2. As subvencións, doazóns, donativos, legados e herdanzas que se fagan a favor da mesma.
3. Os bens propios, mobles e inmoables.
4. O rendemento do seu patrimonio.
5. Calquera outra achega que obteña para ser destinada ó cumprimento dos seus fins.
6. O capital fundacional de "AMARAI" é nulo, e o presuposto anual non será menor de tres mil euros (3.000 €).

Artigo 43

Cotas

As cotas serán das seguintes clases:

- a) Ordinaria anual, que será satisfeita na proporción que estableza a Xunta Directiva, e ratificada na Asemblea.
- b) Extraordinaria, na que a contía e condicións serán fixadas pola Asemblea Xeral cando as circunstancias o requiran.



Artigo 44

Pago de cotas

As cotas deberán ser aboadas no prazo dun mes a partir da aprobación do orzamento anual correspondente, ou ó terminar o prazo fixado cando foran extraordinarias.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para os socios/as que, nos prazos previstos no parágrafo anterior, e sen causa xustificada non aboaran as cotas. Así mesmo, quen á celebración da Asemblea Xeral non aboara a cota correspondente ó ano anterior, perderá o seu dereito a voto na mesma. A persistencia na falta de pago das cotas poderá ser causa de expulsión.

Nembargantes, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensar o pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias o aconsellen, comunicándose tal decisión á inmediata Asemblea Xeral que se celebre.

Artigo 45

Orzamento

"AMARAI" funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será elaborado pola/o Tesoureira/o, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

Anualmente con referencia ó ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das/dos socias/os, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobala ou censurala.

CAPÍTULO VI

DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 46

Procedemento de modificación

Os Estatutos de "AMARAI" só poderán ser modificados previo acordo da Asemblea Xeral, convocada con carácter Extraordinario, por decisión da Xunta directiva ou a proposta da maioría das/dos socias/os, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva

O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por maioría dos dous terzos das/dos socias/os presentes e representadas/os.



CAPITULO VII DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 47 Disolución

"AMARAI" poderá disolverse por unha das seguintes causas:

- a) Voluntariamente, cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto, por unha maioría de dous terzos dos asociados.
- b) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.

Artigo 48 Comisión liquidadora

Acordada a disolución de "AMARAI" pola Asemblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio de "AMARAI".

A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou máis comisarios elixidos pola mesma entre as/os socias/os.

Artigo 49 Asemblea Xeral no período de liquidación

Durante o período de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ó acordo de disolución.

Artigo 50 Destino dos bens resultantes

No caso de disolución definitiva, liquidadas tódalas obrigas pendentes que sexan de "AMARAI", o sobrante de fondos que resultase pasarán a formar parte do patrimonio da "Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)", ou no seu defecto, de terse disolto dita entidade, a outra Asociación similar á constituída. En último caso, pasará a formar parte do patrimonio da Xunta de Galicia, que poderán ceder en uso a aquelas entidades sen ánimo de lucro de persoas con discapacidade do País Galego que defendan os principios fundamentais destes Estatutos.




Vº Bº



Asdo.: JOSÉ LUIS COSTOYA
QUINTELA
Presidente
78787412S


Asdo.: JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ
ABOLLO
Secretario
33289122A


CARMEN REY REY
Vicepresidenta
76494233M


JESÚS YÁÑEZ GARCÍA
Tesoureiro
76516720K


MARIO MENDONÇA VILARES
Vogal
46294104A


JUAN CARLOS IGLESIAS TOJO
Vogal
33283519N

DILIXENCIA

Don José Ramón Vázquez Abollo con DNI 33289122A, como secretario da Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio á Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide – AMARAI, con CIF G-15637325 e domicilio social na Rúa Padre Pardo 33 1º, 15810 Arzúa,

CERTIFICA

Que os Estatutos da Entidade quedan redactados segundo as modificacións acordadas na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en Arzúa o 28 de maio do 2016, e segundo o procedemento establecido nos estatutos desta Entidade, substituíndo os inscritos anteriormente.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente en Arzúa, a 18 de xaneiro de 2017.

Visto e Prace


Asdo.: José Luis Costoya Quintela
Presidente de AMARAI


Asdo.: José Ramón Vázquez Abollo
Secretario
INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN
ASOCIACIÓN Nº 1998/4828-1
Inscrita a la modificación por resolución do 15 de FEBRERO de 2017 soamente para os efectos de publicidade de conformidade co artigo 22 da Constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002

014 remanegable de Presidencia